



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
18.04.2018

LUGAR: Sala de reunións do Reitor – Edificio Reitoría Campus de Vigo

DATA: 18.04.2018

HORA DE COMEZO: 12:15

HORA DE REMATE: 13:10

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D^a. Gloria M^a Pena Uris
D. Manuel Fernández Jauregui
D. José Manuel García Vázquez
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Ernesto Vázquez-Rey Farto
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D. Francisco Javier Casares Mouriño
D^a. Mercedes Castro Mouzo
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a. María Elvira Larriba Leira
D^a. Natalia Zunzunegui Garrido
D. Daniel Barata Quintas
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a. María Elena Añel Cabanelas
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Jorge Cebreiros Arce
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D^a. M^a do Carmen Fouces Díaz
D^a. Yolanda López Fernández
D. José María Franco García
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Cesar Blanco Gómez
D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo
D. José Manuel Pérez Canal
D. Xulio Calviño Rodríguez

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores, 18 de abril de 2018, ás 12:15 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (27.12.2017).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do Reitor.
- 4.** Acordo que proceda sobre a asignación de complementos a profesores en recoñecemento polos cargos de xestión e por excelencia curricular (convocatoria de 2016), consonte sendas resolucións favorables da ACSUG con datas 9 e 28 de febreiro.

Informes, acordos e propostas da Comisión Económica (sesión do 27 de febreiro de 2018)

- 5.** Liquidación do Orzamento de ingresos e gastos da Universidade de Vigo no exercicio de 2017. Análise do informe de execución orzamentaria anual, consonte Real Decreto-Lei 14/2012.
- 6.** Outros asuntos. Convenios da Universidade de Vigo en decembro de 2017 e xaneiro de 2018.

Propostas, informes e acordos, con pronunciamento favorable da Comisión de Actividades e Servizos (sesión do 21 de febreiro de 2018)

- 7.** Ratificación, se procede, do acordo para a continuidade do "Estudo sobre a empregabilidade, confianza e valoración dos alumnos da Universidade de Vigo. Curso 2017/2018".
- 8.** Outros asuntos. Axudas e patrocinios.

Propostas e acordos con pronunciamento favorable, da Comisión de Actividades e Servizos (sesión do 22 de marzo de 2018)

- 9.** Ratificación, se procede, da distribución e asignación de axudas previstas na convocatoria de apoio a titulacións para fomentar as prácticas preprofesionais.
- 10.** Outros acordos. Axudas e patrocinios.

Asuntos tratados no Consello de goberno do 5 de febreiro e do 21 de marzo de 2018

- 11.** Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento, para o curso 2019/2020.
- 12.** Declaración de interese das novas titulacións de Grao e Máster para o curso 2018/2019.
- 13.** Aprobación definitiva, se procede, da creación da empresa de base tecnolóxica (EBT) "BIOFAST", e da participación da Universidade de Vigo no capital social. (O informe previo favorable do Consello Social foi emitido pola Comisión Económica na reunión do 27 de febreiro de 2018).
- 14.** Aprobación definitiva, se procede, da creación da empresa de base tecnolóxica (EBT) "Alen Space", e da participación da Universidade de Vigo no capital social. (O informe previo favorable do Consello Social foi emitido pola Comisión Económica na reunión do 27 de febreiro de 2018).
- 15.** Informe que proceda sobre o cambio de denominación do Centro singular de investigación da Universidade de Vigo, dedicado á Investigación mariña-Océano-ECIMAT, para pasar a "Centro de investigación mariña da Universidade de Vigo (CIM-Vigo)".



16. Convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de febreiro e marzo.
17. Rogos e preguntas.

Entrégase a publicación do "Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015)".

O presidente agradece a presenza dos membros, e afirma que se rexistra unha das sesións con maior asistencia das últimas convocadas.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.12.2017).

- **Apróbase por asentimento**

PUNTO 2

Informe do presidente.

Refire don Ernesto Pedrosa a importancia da publicación que se entrega, "resultado dun estudo pioneiro no sistema universitario español", que abarca os 25 primeiros anos de vida da Universidade de Vigo e comprende a dúas xeracións de graduados, "o que permite comparar métodos de ensino e aprendizaxe, as esixencias cambiantes do mercado laboral e as dificultades ou facilidades de incorporación profesional segundo o perfil académico adquirido". Engade que tamén é importante coñecer en que medida son útiles os coñecementos proporcionados pola universidade, e en que medida capacitan para a empregabilidade. Anuncia a entrega dun resumo no próximo Pleno.

Enfía de seguido unha serie de afirmacións do presidente da CRUE, Roberto Fernández, no senso de que a universidade "é unha tarefa histórica que ten como obxectivo o beneficio da sociedade e o benestar social", e nas que apelaba a un gran pacto de Estado para que o Parlamento posibilita unha nova Lei de universidades e para que a política poña en primeira liña á universidade. Ao respecto manifesta que nese punto estamos se ben de seguro que non polo camiño desexado "porque a política está pondo á universidade en primeira liña pero polo lado que non é", porque esquece que a universidade non está feita para o crecemento económico sen máis senón para "a equidade, a cohesión e o desenvolvemento social". Don Ernesto Pedrosa fai un chamamento a apuntalar e protexer a universidade dende os Consellos Sociais, "nestes tempos de acumulación de reproches, sospeitas e desconfianza, que amosan a súa fragilidade e a sumarásima incompreensión na que se atopan".

Nesa dirección sinala que a universidade no seu conxunto é máis vítima que culpable da situación, e que tanto toda a sociedade como os seus representantes teñen a responsabilidade de defendela. Cita como exemplo as prioridades nas que está a traballar a Conferencia de Consellos Sociais, e mesmo a reunión que mantivo coa Comisión de Educación do Congreso para explicarlle que, para igualar aos países punteiros da UE, a inversión de educación superior en España tería que medrar nun 37%.

Sobre a Orde do día di que amosa como, en tempos de mudanza, o equipo de goberno e afana en ter os deberes da universidade ao día, deixar perfiladas as obrigas de futuro e deixar aclaradas as súas responsabilidades económicas.

Deixa constancia don Ernesto Pedrosa do agradecemento expreso aos once membros que asistiron a todos os plenos convocados en 2017, "extensible a cantos non puideron asistir por algunha causa xustificada, a quen en conciencia sempre están dispostos a acudir, e a quen ten ao Consello Social como deber primeiro nas súas axendas".

Finalmente da conta das axudas concedidas polo Consello Social ao longo de 2017, e felicita a don Antonio Macho por ser designado membro do Consello asesor de Sanidade "para establecer as bases da futura sanidade pública española durante as próximas décadas".



PUNTO 3

Informe do Reitor.

Aborda don Salustiano Mato distintos asuntos de actualidade, sobre os que expón breves reflexións, relacionados coa declaración de interese sobre novas titulacións para o curso 2019/2020 (un Grao en Creación e Deseño e varios Másteres moi vencellados á especialización global dos Campus); coa elección dunha catedrática galega de Física aplicada e unha experta en xénero como novas doutoras Honoris Causa pola Universidade de Vigo; co límite de prazas de novo ingreso nos Graos para o curso 2018/2019 ("a Universidade de Vigo ten unha ocupación do cen por cento, e así será moi difícil o encaixe de estudantes estranxeiros", como agora se promove dende a Xunta para as universidades galegas); e sobre a Táboa de ponderación para o acceso as universidades do SUG no curso 2018/2019 (respecto ás comunidades, "Galicia é singular e eficiente no control das probas").

Rematada a intervención do Reitor, informa don Ernesto Pedrosa da renovación da delegación do presidente do Consello Social no secretario como vogal da Mesa de contratación da Universidade de Vigo, función que xa ven desempeñando dende 2010 pero que require unha nova tramitación ao abeiro da entrada en vigor da Lei de contratos do sector público, que obriga a modificar a composición da Mesa nalgúns casos, tal e como informa a secretaria xeral da Universidade de Vigo, dona Gloria Pena.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a asignación de complementos a profesores en recoñecemento polos cargos de xestión e por excelencia curricular (convocatoria de 2016), consonte sendas resolucións favorables da ACSUG con datas 9 e 28 de febreiro.

O presidente informa do contido deste punto e as circunstancias que concorren en ámbalas dúas resolucións da ACSUG.

- **O Pleno acorda a asignación de complementos**

PUNTO 5

Liquidación do Orzamento de ingresos e gastos da Universidade de Vigo no exercicio de 2017. Análise do informe de execución orzamentaria anual, consonte Real Decreto-Lei 14/2012.

Toma a palabra don Daniel Barata para dar conta dos acordos da Comisión que preside. Fai unha breve reflexión sobre este punto e da entrada a don José Manuel García, vicerreitor de Economía e Planificación, quen sinala que este punto responde a unha obriga recollida no Real Decreto-Lei 14/2012, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que obriga ás universidades a confeccionar a liquidación do orzamento antes do primeiro de marzo do ano seguinte, e no caso de que o remanente de tesourería sexa negativo, obriga aos Consellos Sociais a reducir os gastos do novo orzamento por contía igual ao déficit producido. Consonte o dito ante a Comisión subliña que a documentación entregada non se acompaña dun informe de avance de auditoría, como se facía en anos anteriores, pola excepcionalidade de estar no proceso de contratación da auditoría que se demorou por causas procedimentais, se ben este documento no é preceptivo nin a súa ausencia menoscaba a función do Consello Social.

Manifesta que "é unha gran satisfacción pechar 2017 –o último deste equipo de goberno- cun resultado orzamentario positivo. Pechamos un ciclo que comezou en 2012, mantendo dende entón un resultado económico favorable".

- **O Pleno dáse por informado**



PUNTO 6

Outros asuntos. Convenios da Universidade de Vigo en decembro de 2017 e xaneiro de 2018.

Enuncia don Daniel Barata os asuntos recollidos neste punto e que foron tratados e aprobados pola Comisión: estado de contratación da auditoría para as contas da Universidade de Vigo de 2017 e 2018; informe sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia no uso de espazos universitarios; aproveitamento e aplicación das recomendacións da auditoría operativa encargada polo Consello Social en 2017; informe previo favorable para a creación das empresas "Alén Space" e "Biofast" como EBT e participación da Universidade de Vigo no seu capital; convenios asinados pola universidade en decembro de 2017 e xaneiro de 2018; e asignación de complementos por cargos de Xestión a unha profesora, consonte avaliación favorable da CGIACA de 14 de decembro de 2017.

- **O Pleno da as súa conformidade**

PUNTO 7

Ratificación, se procede, do acordo para a continuidade do "Estudo sobre a empregabilidade, confianza e valoración dos alumnos da Universidade de Vigo. Curso 2017/2018".

Don Ernesto Pedrosa propón asumir a cuarta edición do estudo que permitirá coñecer a opinión que teñen os estudantes de cuarto de Grao sobre a súa futura empregabilidade, a súa predisposición e as súas expectativas, o aproveitamento das ensinanzas e da formación que reciben e a adecuación para o emprego, o apoio do profesorado ou as redes persoais das que dispón, entre outros indicadores. As conclusións permitirán coñecer a evolución dos indicadores entre os cursos 2014/15 e 2017/18, que será de especial utilidade para o achegamento da sociedade á vida universitaria. Tamén se propón editar cen exemplares do traballo.

- **O Pleno aproba a proposta**

PUNTO 8

Outros asuntos. Axudas e patrocinios.

Remite o presidente ao resumo escrito sobre os asuntos tratados na comisión, que foi enviado aos membros entre a documentación da sesión.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 9

Ratificación, se procede, da distribución e asignación de axudas previstas na convocatoria de apoio a titulacións para fomentar as prácticas preprofesionais.

A cifra de peticións mantense estable en once. Cinco corresponden a centros do Campus de Vigo, tres ao de Ourense e tres ao de Pontevedra. Consonte as bases, explícanse os criterios seguidos para o reparto de asignacións, no que se outorgan 1.800 € a cada solicitude, e se priman con carácter xeral as prácticas externas e o número de alumnos beneficiados; pondéranse así mesmo as especificidades prácticas de cada proposta e primanse as fórmulas máis destacadas de achegamento dos alumnos ao mercado laboral, tendo tamén en conta o grao de execución rexistrado na convocatoria anterior.

- **O Pleno aproba a distribución**



PUNTO 10

Outros acordos. Axudas e patrocinios.

O presidente destaca algúns dos acordos que constan no resumo que foi entregado como documentación, no que se recollen todos os acordos da Comisión.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 11

Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento, para o curso 2019/2020.

Explica don José Manuel García que o calendario trata de establecer unha cronoloxía de prazos para regular o desenvolvemento da oferta de ensinanzas no SUG para o curso 2019/2020. O documento fixa para o mes de xullo a intervención do Consello Social na tramitación das titulacións.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 12

Declaración de interese das novas titulacións de Grao e Máster para o curso 2018/2019.

Intervén de novo o vicerreitor de Economía e Planificación para facer unha síntese das novas propostas, nas que figura a creación dun só Grao (en Deseño e Creación, na Facultade de Belas Artes) e modificacións noutros seis; cinco novos Mestrados e oito con modificacións; e nos Programas de doutoramento, dúas novas propostas e unha proposta de modificación.

- **O Pleno da a súa conformidade**

PUNTOS 13 e 14

Aprobación definitiva, se procede, da creación da empresa de base tecnolóxica (EBT) "BIOFAST", e da participación da Universidade de Vigo no capital social. (O informe previo favorable do Consello Social foi emitido pola Comisión Económica na reunión do 27 de febreiro de 2018).

Aprobación definitiva, se procede, da creación da empresa de base tecnolóxica (EBT) "Alen Space", e da participación da Universidade de Vigo no capital social. (O informe previo favorable do Consello Social foi emitido pola Comisión Económica na reunión do 27 de febreiro de 2018).

Subliña dona Gloria Pena a importancia da creación das EBT e lembra que o informe inicial favorable foi emitido pola Comisión Económica do Consello Social, tal e como se comunicou no punto 6. A secretaria xeral resume os obxectivos, actividade e especificidade das empresas, a participación da Universidade de Vigo e as regalías que abonarán as Spin-off pola venda dos produtos ou servizos que se presten empregando os coñecementos ou a transferencia correspondente (que ascenderá ao 5% do valor neto das vendas, no caso de "Biofast"; e será do 4% do valor bruto das vendas no caso de "Alen Space").

- **O Pleno da a aprobación definitiva**

PUNTO 15

Informe que proceda sobre o cambio de denominación do Centro singular de investigación da Universidade de Vigo, dedicado á Investigación mariña-Océano-ECIMAT, para pasar a "Centro de investigación mariña da Universidade de Vigo (CIM-Vigo)".

As explicacións de dona Gloria Pena fundaméntanse en que -para adaptarse mellor á realidade actual e acadar mellor os obxectivos- o centro necesita superar a "difusa liña divisoria" entre a



agregación de investigadores (a antiga Agrupación estratéxica) e as infraestruturas do apoio (a ECIMAT), e dispor dun nome que describa “claramente” a súa razón de ser, o diferencie e o faga singular e recoñecible para os observadores externos ou internos.

- **O Pleno informa favorablemente o cambio de denominación**

PUNTO 16

Convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de febreiro e marzo.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 17

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:10 horas do 18 de abril de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias